

Clasificación da poboación por colectivos


En liña coa primeira parte do *Estudo de necesidades de formación do sector téxtil e de confección en Galicia*, este capítulo tenta considerar a análise cualitativa do sector introducindo aspectos variados do colectivo de traballadores. Son diversas as variables de estudo que delimitan as características do dito colectivo, a análise individual e conxunta do cal determina o perfil cualitativo dos empregados do sector. Esta análise complementábase coa inclusión de diferentes aspectos de tipo cualitativo dos demandantes de emprego, para así poder extraer similitudes ou diferenzas entre os distintos perfís.

Indubidablemente, as necesidades de formación do sector están delimitadas e condicionadas por diversas variables e aspectos: situación e evolución económica, innovacións tecnolóxicas, organizativas e laborais, cambios nas competencias profesionais, características dos empregados... Son sen dúbida os recursos humanos da empresa e sector o principal obxectivo e destino da formación, co fin de mellorar a competitividade tanto a nivel persoal como do sector en conxunto, de aí que sexa fundamental discernir e definir a tipoloxía cualitativa dos seus empregados, determinada por diversas variables que a continuación se describen.

Os datos expostos están extraídos das enquisas a posto de traballo realizadas durante o mes de setembro a empresas de confección e xénero de punto de Galicia, seguindo a planificación estruturada a comezos do estudo. Esta planificación estratifica o volume de enquisas por provincia e tamaño empresarial, tratando desta maneira de obter un máximo de amplitude e integración na análise do colectivo de traballadores. A mostra considerada céntrase nas seccións de produción e distribución da empresa, quedando á marxe departamentos de tipo transversal como administración, comercial, marketing... A razón básica reside no interese do estudo en detectar as necesidades de formación das ocupacións de carácter específico do sector ou, incluso sendo de corte máis transversal, que teñan competencias e funcións moi propias do téxtil e confección.

Sen máis, desagregamos a análise do colectivo de traballadores do sector.

I. COLECTIVO POR SEXO




■ Fonte: *Elaboración propia*

Desagregando o colectivo de traballadores do sector por sexo, queda patente un dos principais trazos xa comentados en capítulos anteriores: destacada presenza da muller no sector, que ocupa máis do 90% dos postos de traballo, sobre todo de produción.

Tradicionalmente, o sector téxtil e de confección caracterizouse por unha elevada taxa de feminidade, isto é, presenza maioritaria da muller nel. Este trazo está en relación directa con outros elementos xa comentados: baixos niveis salariais, moi enfocados a unha concepción de complementariedade dos ingresos familiares, o cal se vincula coas escasas aspiracións laborais e empresariais xeneralizadas. Se ben sería campo doutra discusión asociar todos estes aspectos, é unha realidade que a muller hoxe en día perfila e caracteriza fortemente a evolución do sector.

Analizando a distribución da variable sexo por ocupacións, temos que:




■ Fonte: *Elaboración propia*

Son varios os aspectos que cómpre comentar:

- A distribución por sexos mantén o esquema exposto para o caso xeral (salvo pequenas excepcións), isto é, presenza maioritaria da muller en todas as ocupacións e sección da empresa.
- Algunhas ocupacións corresponden case en exclusiva a homes (programador/a e encargado/a de tecedura) e outras a mulleres (cosedor/a, remallador/a e pranchador/a). Os motivos que explican esta caracterización son en cada caso diferentes.
- Nos postos de maior nivel de cualificación e responsabilidade (encargados/as de sección, por exemplo) a presenza de mulleres é bastante acusada. No caso do coordinador/a técnico da produción e controlador/a da calidade, ocupacións de nivel superior, todos os empregados consultados son mulleres. Na pequena e mediana empresa por exemplo, estas figuras xeralmente recaen sobre a mesma persoa, que moitas veces absorbe tamén os labores de encargada de sección. Por iso resulta interesante discernir en determinados casos entre a Peme e a gran empresa, pois nesta última as ocupacións están case sempre relacionadas cunha soa persoa, en contra da polivalencia observada na pequena e mediana empresa.


Tendo en conta o ámbito territorial, a distribución é a seguinte:



■ Fonte: Elaboración propia

- Por provincias, a distribución entre homes e mulleres mantén o mesmo perfil que para o caso xeral (maioritaria presenza da muller).
- En Lugo e Pontevedra a presenza do home é algo maior quizais, se ben as porcentaxes manexadas non mostran resultados definitivos (mantéñense sempre por riba do 80%).

Por último, completando o cruzamento de variables analizadas, vemos a distribución por sexo entre os distintos tamaños empresariais:




■ Fonte: Elaboración propia

Tendo en conta os distintos tamaños de empresa analizados, a distribución por sexo do colectivo de traballadores segue, igual que no caso anterior, unha tendencia similar. A maioría de mulleres é patente en todos os tamaños empresariais, achegándose no peor dos casos ao 80% do total de traballadores.

Nas empresas de tamaño medio (segundo os intervalos considerados no estudo), a presenza da muller supera o 90% do colectivo de empregados.

I. COLECTIVO POR IDADE



■ Fonte: *Elaboración propia*


Os grupos de idade analizados para o estudo son:

- Colectivo de idade inferior a 30 anos
 - En xeral, este grupo engloba o conxunto de traballadores novos (de xente nova), de recente incorporación ao mercado laboral e, polo tanto, con menor experiencia. A capacidade de aprendizaxe e interese pola promoción e desenvolvemento profesional é superior neste intervalo de idade, así como tamén o desenvolvemento de determinadas capacidades físicas.
- Colectivo de idade comprendida entre 30 e 45 anos
 - Traballadores con certos coñecementos e experiencia sobre o posto de traballo, que xeralmente contan con estabilidade que determina o seu futuro profesional.
- Colectivo con máis de 45 anos
 - Colectivo de maior experiencia e currículo profesional, con maior capacidade de resolución de problemas e contingencias. Pola contra, presenta en xeral menor capacidade física, chegando en determinados casos á desmotivación e perda de interese pola aprendizaxe e adaptación a novas situacións. É sen dúbida o colectivo de maior risco, pois de non estar garantida a estabilidade laboral, o cambio a outra empresa ou sector é cada vez máis dificultoso.

Por grupos de idade, a análise determina:

- A media de idade dos traballadores do sector é de 36 anos.
- Analizando a estrutura por idade, a maioría dos traballadores sitúase na franxa dos 30 a 45 anos (43,99%).
- O grupo de traballadores máis novos e de menor experiencia ten unha menor representatividade (33,10%).
- É o colectivo de maiores riscos (máis de 45 anos) o que presenta unha menor porcentaxe (algo máis do 22%). É porén, tal como comentamos, o colectivo de maior experiencia.

Cruzando idade con sexo:



■ *Elaboración propia*

A primeira consecuencia que se extrae é a similitude, a grandes trazos, entre a tendencia xeral e a análise por grupos de idade. Agora ben, certos matices son destacables no gráfico:

- A presenza claramente superior da muller queda en certa maneira diluída se introducimos a variable idade.
- Dentro do colectivo de máis de 45 anos o home destaca sobre a muller (un 36,07% sobre un 21,67%).
- Cambiando a análise, por grupos de idade obsérvase que o colectivo de entre 30 e 45 anos é igualmente maioritario, mantendo case as mesmas proporcións e porcentaxes ca no caso xeral.

Distinguindo por ocupacións:


- A media de idade por ocupación difire nalgúns casos da tendencia xeral.
- Os traballadores de menor idade media están maioritariamente incluídos nas ocupacións de maior presenza no sector (en termos cuantitativos): cortador/a, cose-dor/a, pranchador/a e almaceneiro/a.

Nas ocupacións de nivel superior, a media de idade é algo superior, aínda que non excede de forma acentuada con respecto á tónica xeral.

	MEDIA IDADE		MEDIA IDADE
Deseñador/a	39	Pranchador/a	34
Patronista	40	Almaceneiro/a	30
Programador/a	37	Coord. téc. prod.	43
Tecedor/a	39	Contr. calidade	46
Cortador/a	36	Encarg. techedura	33
Cosed./Ensam.	35	Encarg. corte	36
Remallador/a	39	Encarg. confecc.	39
Revis./Reparad.	50	Encarg. Prancha	48
Revisor conf.	38	Encarg. almacén	38

- En determinados casos, obsérvase unha dispersión elevada nos datos de idade por ocupacións (casos do deseñador/a ou programador/a): concentración nos tramos de menos de 30 anos e máis de 45, e menor número de traballadores no tramo de 30 a 45 anos (caso xeral). Esta situación pode interpretarse quizais como un indicador da taxa de substitución dos traballadores de maior idade, isto é, fronte a un grupo de empregados de máis de 45 anos obsérvase a aparición de novos traballadores de menos de 30 anos.


Analizando por provincias:



■ Fonte: *Elaboración propia*

- É o colectivo da franxa de 30 a 45 anos o que maior presenza ten nas 4 provincias de Galicia (destaca neste intervalo a provincia de Lugo, cunha porcentaxe que se aproxima ao 55%).
- A Coruña é probablemente a provincia que presenta unha poboación máis nova (dentro dos límites establecidos na análise), e Ourense e Pontevedra mostran pola contra, unha maior porcentaxe de traballadores de máis de 30 anos (sempre en termos relativos con respecto á distribución do intervalo de idade nas 4 provincias galegas).

A distribución dos intervalos de idade segundo os tamaños empresariais:




■ Fonte: *Elaboración propia*

Tomando como referencia o tamaño das empresas do sector, a tendencia varía en certa maneira do perfil xenérico. En case todos os tramos empresariais, a maioría de traballadores posúen unha idade comprendida entre os 30 e 45 anos, aínda que se observan determinadas excepcións dignas de mención:

- No intervalo de menor dimensión empresarial, algo máis do 45% dos traballadores/as teñen máis de 45 anos (colectivo de maior peso, mais tamén de maior risco). apenas un 20% dos empregados teñen menos de 30 anos.
- Para os restantes tamaños empresariais, a distribución segue o perfil xeral, se ben as porcentaxes non son tan acusadas (por exemplo, no tramo de maior dimensión empresarial o 75% dos traballadores teñen menos de 45 anos, distribuídos equitativamente nos dous intervalos considerados).

En conxunto, si se pode afirmar que a medida que o tamaño empresarial aumenta, a porcentaxe de traballadores de maior idade (máis de 45 anos) diminúe, adquirindo un maior peso os restantes colectivos de empregados.

III. COLECTIVO POR CATEGORÍA PROFESIONAL




■ Fonte: Elaboración propia

A categoría profesional do colectivo de traballadores está en relación directa co nivel ocupacional deles. Os resultados están algo condicionados polo enfoque das enquisas, pois soamente se trataron aquelas ocupacións insertas tanto en produción como en distribución, deixando á parte outras seccións ou departamentos.

Grosso modo:

- Algo máis do 60% dos traballadores do sector posúen a categoría profesional de oficiais; deles, a metade son oficiais de 3ª. Con respecto ao total supoñen algo máis do 30% dos empregados.
- As categorías superiores (xefes de dpto. e xefes de equipo) apenas representan un 6% do total de traballadores.
- Fóra destes grupos, destaca como figura profesional a categoría de auxiliar de primeira, que posúe case un 16% dos traballadores.

IV. COLECTIVO POR ANTIGÜIDADE NA EMPRESA




■ Fonte: Elaboración propia

Un dos elementos que determina o nivel de cualificación dos traballadores é a experiencia profesional medida neste caso tanto pola antigüidade na empresa como pola antigüidade no posto de traballo.

No primeiro caso, o gráfico mostra a distribución por intervalos de tempo da antigüidade na empresa dos distintos empregados:

- Dato destacado: máis do 60% dos traballadores teñen 3 ou máis anos na empresa (aspecto importante que determina o nivel de experiencia dos empregados). Deste grupo, algo máis da terceira parte reflicten unha antigüidade na empresa superior aos 10 anos.
- Pola contra, un 15% deles levan menos de 1 ano na empresa (coa conseguinte deficiencia na experiencia profesional).

Distinguindo entre sexos:



■ Fonte: *Elaboración propia*


- Tomando os distintos intervalos de antigüidade na empresa, e facendo unha distinción entre sexos, determínase a maior presenza relativa do home nos tramos de maior antigüidade (por exemplo, do colectivo de empregados con máis de 10 anos na empresa, máis dun 60% son homes).
- Como tónica xeral, a menor presenza de homes no sector está correlacionada cunha maior antigüidade relativa na empresa destes.

V. COLECTIVO POR ANTIGÜIDADE NO POSTO

En correlación directa coa variable anterior, e quizais como indicador máis preciso da experiencia profesional do empregado, medimos en conxunto a antigüidade no posto de traballo.


Unha primeira conclusión clara observando os datos é que os resultados son moi similares ao caso anterior, isto é, dáse unha apreciable correspondencia entre a antigüidade na empresa e a antigüidade no posto. Significa isto probablemente que o grao de rotación do persoal por diferentes postos de traballo na empresa é bastante escaso. En porcentaxes:

- Un 61,19% dos empregados teñen unha antigüidade no posto superior aos 3 anos (nivel de experiencia elevado). Deles, máis da terceira parte supera os 10 anos de experiencia no posto de traballo
- Igual que no caso anterior, practicamente un 15% dos empregados do sector teñen menos de 1 ano no posto, coa conseguinte carencia de experiencia profesional.



■ Fonte: *Elaboración propia*


Distinguindo entre sexos:



■ Fonte: *Elaboración propia*

- O significado do gráfico é similar que no caso anterior (antigüidade na empresa). A porcentaxe de homes que traballan no sector teñen en xeral unha elevada antigüidade no posto (cando menos superior a 3 anos).
- No caso das mulleres, a distribución é máis equitativa, se ben teñen unha maior presenza nos tramos de menor antigüidade.
- Pode extraerse, polo tanto, que a porcentaxe relativamente baixa de homes que traballan no sector teñen de media máis antigüidade na empresa e no posto cás mulleres, se ben a representatividade destas últimas é tan elevada que a súa presenza nos distintos intervalos analizados é realmente significativa.

Neste caso concreto, e considerando a lóxica asociación entre a antigüidade no posto e a experiencia dos empregados, a análise inclúe o tamaño empresarial como variable de estudo.




■ Fonte: *Elaboración propia*

A distribución por tamaño de empresa dos distintos intervalos de antigüidade no posto de traballo presenta certas modificacións ou excepcións ao caso xenérico da análise univariable.

- Naquelas empresas e talleres de menos de 5 traballadores, o 85% dos empregados teñen máis de 3 anos de antigüidade, co conseguinte nivel de experiencia que iso supón.
- Esta distribución non se observa para os restantes tamaños empresariais, onde a presenza de empregados cunha antigüidade entre 1 e 3 anos é bastante acusada (superando ao colectivo de 3 a 10 anos de antigüidade).
- De calquera maneira, situando a experiencia do traballador a partir dos 3 anos de antigüidade no posto (como medida orientativa), esta tipoloxía é maioritaria (con diferentes matices) en todos os tamaños empresariais.

VI. COLECTIVOS POR TIPO DE CONTRATO




■ Fonte: Elaboración propia

O tipo de contrato é unha das variables que, en principio, se correlaciona directamente coa cualificación dos traballadores, entendendo que, a maior antigüidade na empresa e no posto, mellor será o tipo de contrato, e polo tanto maior estabilidade laboral. A idade, tal como veremos posteriormente, é tamén unha variable que *a priori* se correlaciona co tipo de contrato dos empregados.

Observando os datos extraídos para o caso:

- O contrato indefinido é o de maior presenza no sector (case un 38% dos traballadores declaran estar empregados baixo este tipo de contrato).
- Engadindo a porcentaxe de indefinidos con autónomos observamos que case un 50% dos traballadores están en situación laboral “estable”, en termos relativos.
- A taxa de eventualidade laboral do sector supera en pouco o 50%.
- Das distintas figuras de contratación eventual, o contrato de “fin de temporada” é claramente maioritario (representa case a metade deles). Engadindo este aos contratos por “obra” e de “duración determinada”, a súa porcentaxe achégase ao 45%, isto é, representan case toda a contratación eventual do sector, superando en conxunto aos contratos indefinidos.
- Quedan de forma moi residual as figuras de contratación en prácticas, formación, a tempo parcial e fixo discontinuo.


Distribución por sexo:



■ Fonte: Elaboración propia

Discernindo a tipoloxía de contratos realizados por sexo, é posible apreciar certas diferenzas bastante destacables:

Distribución por ocupacións:




■ Fonte: Elaboración propia

Unha vez analizada a distribución das diferentes figuras contractuais no panorama do sector téxtil e de confección, e vistas a súas diferenzas por razón de sexo, resulta interesante observar se tamén se aprecian distincións en función do perfil ocupacional do que esteamos a falar, isto é, asociar tipos de contrato con ocupacións concretas e, polo tanto, con niveis de cualificación distintos.

Analizando desta maneira o gráfico anterior:

- Dáse unha maior tendencia de emprego estable nas ocupacións de maior cualificación (encargados/as de sección, deseñador/a, patronista ou programador/a), se ben o caso xeral esconde pequenas excepcións (caso por exemplo do remallador/a ou do revisador/a-reparador/a, que presenta unha estabilidade contractual similar á de ocupacións anteriores).
- A eventualidade é superior naquelas ocupacións propias de produción (cortador/a, cosedor/a-ensamblador/a ou pranchador/a).


Introducindo na análise a distribución por provincias:



■ Fonte: Elaboración propia

- Maior contratación eventual na provincia da Coruña (case un 60% dos contratos realizados, dos cales maioritariamente son por obra ou de fin de temporada).
- As provincias de Ourense e Pontevedra rexistran unha maior estabilidade no emprego de téxtil e confección, especialmente esta última (máis do 75% dos traballadores presentan estabilidade no emprego, isto é, con contratación indefinida ou en réxime de autónomos).

Por tamaños empresariais:




■ Fonte: Elaboración propia

Graficamente é doado discernir a secuencia e distribución das diferentes tipoloxías contractuais tendo en conta o tamaño da empresa.

- A figura do autónomo pertence case en exclusiva a aquelas empresas de menor tamaño. En termos absolutos, a súa presenza é maioritaria en empresas de 5 a 20 traballadores, se ben en porcentaxe o seu peso é superior nas entidades de menor tamaño (menos de 5 traballadores).
- É precisamente nas empresas de menor tamaño onde o peso das figuras contractuais de maior estabilidade laboral (autónomo e indefinido) é superior. Se consideramos soamente os contratos indefinidos, a súa representatividade é máis alta a medida que o tamaño empresarial vai en aumento.
- Igualmente, a medida que se incrementa o tamaño da empresa, a presenza de traballadores con contratos eventuais (principalmente por obra e fin de temporada) vai aumentando.

VII. COLECTIVOS POR NIVEL DE ESTUDOS




■ Fonte: Elaboración propia

Unha variable directamente relacionada coa categoría profesional do traballador, e que coa antigüidade e experiencia delimita o seu nivel de cualificación é o nivel de estudos. A análise deste, tanto de forma univariable como en correlación con algunhas das variables máis relevantes, complementan indubidablemente a percepción da tipoloxía do colectivo de recursos humanos do téxtil e confección.

Observando o gráfico anterior:

- É claramente maioritaria a porcentaxe de traballadores/as que posúen un nivel de estudos non moi elevado.
- Case un 50% dos traballadores do sector teñen un nivel de estudos equivalente á EXB (porcentaxe maioritaria no sector). Se engadimos a esta o colectivo cun nivel de estudos primarios obsérvase que un 72% dos traballadores teñen un nivel de coñecementos similar a primaria. Resumindo, e a grandes trazos, case o 75% dos traballadores do sector teñen, como máximo, un nivel de estudos similar á EXB.
- A porcentaxe de titulados, tanto medios como superiores apenas supera o 1% do total (representatividade ridícula tendo en conta a cantidade total de traballadores/as do sector).


Analizando a distribución do nivel de estudos por sexo:



■ Fonte: Elaboración propia

- A porcentaxe de mulleres cun nivel de estudos similar a primaria (estudios primarios e EXB) supera en 20 puntos porcentuais á porcentaxe de homes na mesma situación (un 75% no primeiro caso fronte a un 55% no segundo).
- Contrarresta a descrición anterior o maior número relativo de homes con estudos de secundaria e bacharelato con respecto á muller. O nivel de formación detectado para esta última é claramente inferior.

Por ocupación:




■ Fonte: Elaboración propia

A análise do nivel de estudos por ocupación permite nunha primeira aproximación verificar o grao de concordancia e equivalencia entre o nivel de cualificación asignado a cada perfil ocupacional e o nivel de estudos asociado.

Sen entrar en grandes análises de porcentaxes e comparacións, é relativamente doado observar que non se dá esa equivalencia entre o nivel de cualificación de cada ocupación e o nivel de estudos desexado ou estipulado para cada un deles. Sen ir máis lonxe, todos os perfís ocupacionais teñen, en maior ou menor medida, unha porcentaxe de traballadores con estudos primarios e/ou EXB. Esta característica resulta claramente sorprendente no deseñador/a, coord. téc. da produción e controlador da calidade, ocupacións de nivel 4 teórico. Ademais:

- Mantense a grandes trazos a distribución vista para o caso da análise univariable (maioría de traballadores con estudos primarios e/ou EXB en case todas as ocupacións).
- Rompen en certa maneira a tendencia anterior os deseñadores/as, cunha distribución máis dispersa (atopamos dende traballadores con estudos primarios ata empregados con estudos superiores).
- De forma menos acusada, pero con matices distintos á tónica xeral, obsérvase que o patronista ou programador/a teñen unha porcentaxe importante de traballadores con bacharel superior ou FP de 2º grao.

Desagregando a análise por provincias:




■ Fonte: *Elaboración propia*

- A distribución por nivel de estudos segue un esquema similar que para o caso xeral. É claramente maioritaria a poboación traballadora cun nivel de estudos equivalente a estudos primarios e EXB.

- Apenas se detectan diferenzas considerables entre provincias, manténdose a tónica xeral. Cabe resaltar en todo caso a tímida presenza relativa de traballadores con bacharel superior ou BUP nas provincias de Ourense e Pontevedra, en comparación co resto de provincias.

Unha vez máis, inserindo na análise a variable "tamaño empresarial":



■ Fonte: *Elaboración propia*

Para este caso concreto, o tamaño da empresa non é realmente decisivo na distribución de empregados por nivel de estudos.

Tomando como referencia os estudos primarios e a EXB (os niveis máis baixos), vemos que a súa representatividade:


- Mantén as porcentaxes xa analizadas para o caso xeral, isto é, supón máis do 70% dos empregados.
- É bastante similar en todos os tamaños empresariais, sen apenas grandes cambios salientables.

5.2. ANÁLISE DO MERCADO DE TRABALLO.

Este apartado analiza a grandes trazos as principais características do mercado de traballo do sector, isto é, qué trazos definen aos demandantes de emprego a solicitude dos cales inclúe unha ou varias ocupacións do téxtil e/ou confección.

O estudo, por tanto, define as características por sexo, idade e nivel de estudos do colectivo de demandantes de emprego, tomando como datos a información remitida dende o Servicio Público de Emprego de Galicia para o ano 2001 e 2002. Queda pendente por falta de información a análise de características similares para o colectivo de ocupados do sector, pois desta maneira é posible realizar unha comparativa e enriquecer o estudo cun maior nivel de información.

Segundo a información remitida, o número de desempregados do sector para o ano 2002 é de 4.596 persoas en toda Galicia. Realizando unha distribución por provincias, a secuencia queda:



■ Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia.

A provincia da Coruña engloba a maior porcentaxe de demandantes de emprego do sector, seguida a certa distancia por Pontevedra e Ourense. Dalgunha maneira, esta distribución ten bastante similitude coa distribución xeográfica do emprego, que concentraba a maior parte deste en áreas e comarcas da provincia da Coruña.

I. ESTRUCTURA POR SEXO

En liña co comentado en capítulos anteriores, a presenza feminina no sector do téxtil e confección é claramente predominante. Esta tendencia séguese mantendo para o caso dos demandantes de emprego.


	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		GALICIA	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
HOMES	58	2,2	1	0,9	21	2,9	35	3,2	115	2,5
MULLERES	2.602	97,8	114	99,1	705	97,1	1.060	96,8	4.481	97,5
TOTAL	2.660	100%	115	100%	726	100%	1.095	100%	4.596	100%

■ Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia.

Practicamente o 98% do total de demandantes de emprego no sector en Galicia corresponde a mulleres. A distribución provincial segue case ao pé da letra a liña seguida no ámbito rexional.

Comparando os datos do ano 2002 co período anterior, a tendencia practicamente se mantén tanto a nivel autonómico como provincial. O incremento observado na cifra global tamén se reproduce nas cifras e tendencia no ámbito provincial.

DISTRIBUCIÓN DEMANDANTES EMPREGO



■ Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia.

II. ESTRUCTURA POR IDADE


RANGO DE IDADE	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		GALICIA	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Menos 25 anos	325	12,2	8	7,0	36	5,0	75	6,8	444	9,7
De 26 a 35 anos	763	28,7	32	27,8	205	28,2	194	17,7	1.194	26,0
De 36 a 45 anos	707	26,6	29	25,2	195	26,9	290	26,5	1.221	26,6
De 46 a 55 anos	564	21,2	33	28,7	190	26,2	398	36,3	1.185	25,8
Máis de 56 anos	301	11,3	13	11,3	100	13,8	138	12,6	552	12,0
TOTAL	2.660	100%	115	100%	726	100%	1.095	100%	4.596	100%

■ Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia.

A distribución por rango ou intervalos de idade debuxa unha estrutura con apenas variacións de especial relevancia. Quizais o relevante sexa que as porcentaxes se manteñen nas mesmas cifras nos intervalos de 26-35 anos, 36-45 anos e 46-55 anos, non resaltando outros tipo de diferenzas. O colectivo con menos de 25 anos é o de menor representatividade.

Por provincias, a tendencia distributiva cambia lixeiramente con respecto ao caso xeral. Das 3 provincias destacadas, A Coruña e Ourense manteñen con certas desviacións a tendencia xeral para a Comunidade. Só no caso da Coruña se reduce minimamente a porcentaxe de desempregados situados no rango de 46 a 55 anos, en favor dos demandantes con menos de 25 anos. Pontevedra é neste caso a excepción, pois a maioría significativa sitúase no tramo de idade comprendido entre 46 e 55 anos (un 36,3% do total). Se ampliamos o intervalo ao grupo de idade de 36 a 55 anos, o peso incrementase a algo máis do 60%, representatividade bastante elevada tendo en conta a distribución máis ou menos homoxénea detectada para o caso xeral.

Tomando como referencias os datos para o ano 2001, a evolución crecente nas cifras globais tamén se traduce para os distintos rangos de idade, en especial para o grupo comprendido entre 46 e 55 anos, cunha taxa de incremento superior.



■ Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia.

III. ESTRUCTURA POR NIVEL DE ESTUDIOS

A distribución dos demandantes de emprego do sector por nivel de estudos, baseándose nos datos do Servizo Público de Emprego de Galicia, reflíte porcentaxes significativas. Por peso ou representatividade, son os desempregados con EXB / bacharelato elemental / graduado escolar (cun 47,91%) e con certificado de escolaridade (cun 43,69%) os que resumen practicamente a estrutura dos demandantes por nivel de estudos. Só estes dous colectivos aglutinan máis do 90% do total de desempregados.

Por provincias, a tónica é similar, aínda que as porcentaxes varían sensiblemente nalgun caso concreto. De calquera maneira, estes dous colectivos suman, como pouco, algo máis do 80% dos demandantes de emprego.


En termos evolutivos, para os anos considerados, o incremento experimentado nas cifras globais para o sector mantéñense por grupos de nivel de estudos, especialmente para os colectivos de maior relevancia, aqueles sinalados en parágrafos anteriores.

NIVEL DE ESTUDOS	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		GALICIA	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sen estudos	1	0,04	0	0,00	0	0,00	1	0,09	2	0,04
Estudos primarios sin terminar	91	3,42	4	3,48	32	4,41	49	4,47	176	3,83
Certificado de escolaridade	1.105	41,54	48	41,74	338	46,56	517	47,21	2.008	43,69
F.P.1	23	0,86	1	0,87	15	2,07	5	0,46	44	0,96
EGB/Bacharelato elemental/Graduado escolar	1.361	51,17	46	40,00	312	42,98	483	44,11	2.202	47,91
F.P.2	18	0,68	0	0,00	4	0,55	3	0,27	25	0,54
BUP/Bacharelato superior/COU	55	2,07	16	13,91	23	3,17	34	3,11	128	2,79
Outras titulacións	3	0,11	0	0,00	0	0,00	2	0,18	5	0,11
Título de grao medio	1	0,04	0	0,00	2	0,28	1	0,09	4	0,09
Título de grao superior	2	0,08	0	0,00	0	0,00	0	0,00	2	0,04
TOTAL	2.660	100%	115	100%	726	100%	1.095	100%	4.596	100%

■ Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia.

A tradución do incremento global nos distintos intervalos de nivel de estudos debuxa unha dinámica similar.

EVOLUCIÓN POR NIVEL DE ESTUDOS



■ Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia.

5.3.

ANÁLISE POR OCUPACIÓNS (DEMANDA E OFERTA)

Continuando co apartado anterior, onde se analiza o perfil dos demandantes de emprego do sector téxtil e de confección, este capítulo pretende estender o estudo a aquelas ocupacións do sector de maior importancia, medida esta tanto polo lado da demanda como da oferta. Desta maneira, é posible enlazar a análise dos colectivos coa situación sociolaboral dentro do sector (sempre baixo o punto de vista das ocupacións presentes no estudo) e así dotar de maior complementariedade todo o traballo.

Os datos analizados están extraídos do Servizo Público de Emprego de Galicia, para un período de 5 anos (1998-2002). No caso da demanda, o período analizado é menor (só comprende os anos 2001 e 2002).

I. DEMANDA


O seguinte cadro mostra groso modo a estrutura da demanda por ocupacións para o ano 2002, segundo datos proporcionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia. A súa distribución por provincias posibilita discernir territorialmente onde se sitúan cuantitativa e cualitativamente as demandas de emprego.

OCUPACIÓNS	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Técnico/a en confección ind.	5	0,19	3	2,61	0	0,00	2	0,18
Téc. control calidade de confección	2	0,08	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Patronista - Escalador/a	71	2,67	10	8,70	20	2,75	53	4,84
Cortador/a	112	4,21	6	5,22	14	1,93	76	6,94
Encargado de patronaxe e corte	1	0,04	0	0,00	0	0,00	2	0,18
Cosedor/a - Ensamblador/a	2.356	88,60	92	80,00	662	91,18	932	85,11
Bordador/a	20	0,75	3	2,61	2	0,28	17	1,55
Pranchador/a	92	3,46	1	0,87	28	3,86	13	1,19
TOTAL	2.659	100%	115	100%	726	100%	1.095	100%

■ Fonte: Elaboración propia a partir do Servizo Público de Emprego de Galicia.

Nunha primeira análise en conxunto (por ocupacións) é posible establecer as preferencias de postos de traballo declaradas polos demandantes de emprego, e ver así cal é a estrutura de demanda ocupacional. O espectro ocupacional redúcese sensiblemente en relación co amplo abanico de ocupacións rexistradas no propio Servizo Público de Emprego de Galicia.

DEMANDAS POR OCUPACIÓN. 2002




■ Fonte: Elaboración propia

Destaca sen ningún tipo de apreciación complementaria que a ocupación con maior demanda de emprego en Galicia para o sector téxtil e de confección é a de cosedor/a-ensamblador/a. Así o manifestan algo máis do 85% dos demandantes de emprego do sector.

A porcentaxe restante engloba principalmente as ocupacións de cortador/a, patronista-escalador/a e pranchador/a, en orde decrecente respectivamente. Absorbendo o total destas 4 ocupacións mencionadas, supoñen en total o 99% da demanda de emprego do sector para o ano 2002.

Se analizamos a estrutura de demanda por provincia:

DISTRIBUCIÓN DEMANDADA POR PROVINCIAS



■ Fonte: Elaboración propia.


Analizando a estrutura de demanda por provincias, é doado discernir que se repite o mesmo esquema debuxado para o caso xeral. A ocupación de cosedor/a-ensamblador/a é a máis demandada polo colectivo de desempregados nas 4 provincias galegas, cunhas porcentaxes bastantes elevadas.

No tocante ao resto de ocupacións analizadas, é posible apreciar certas diferenzas en canto a representatividade, mais en conxunto a súa demanda é apreciable no conxunto de Galicia.

Analizando en perspectiva a estrutura da demanda de emprego por ocupacións, podemos observar a súa tendencia. Por ausencia de datos, o estudo soamente recolle información dos anos 2001 e 2002.

En liñas xerais, e observando o gráfico seguinte, é posible extraer as seguintes conclusións:

- No período considerado apréciase un lixeiro incremento nas cifras de demanda de emprego en case todas as ocupacións. Este crecemento é destacable no caso de cosedor/a-ensamblador/a, cun incremento absoluto de 417 demandantes.



■ Fonte: *Elaboración propia*

- O peso das distintas ocupacións analizadas apenas sufriu modificacións no período considerado, conservando a supremacía como máis demandada o cosedor/a-ensamblador/a.

II. OFERTA

A análise do mercado de traballo inclúe evidentemente a oferta laboral establecida polas empresas. O seu tratamento neste estudo vai permitir comparar os dous lados da moeda do propio mercado, e ver en que medida se cumpren tanto as expectativas dos/as traballadores/as como das empresas.

Os datos analizados neste subapartado están extraídos da información subministrada polas oficinas de Emprego e o Servizo Galego de Colocación, para o período 1998-2002. Necesariamente a análise inclúe certo grao de parcialidade por canto existen diversas vías de publicación e tramitación das ofertas laborais fóra dos centros mencionados. Aínda así, o obxectivo non é tanto cifrar ofertas en valores absolutos como establecer unha estruturación por ocupacións vendo o peso ou importancia cuantitativa de cada unha delas, e neste sentido os datos facilitados son bastante representativos do conxunto da oferta global do sector.

Segundo as oficinas de emprego, o cadro de oferta para o ano 2002 é o seguinte:

OCUPACIÓNS	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		GALICIA	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Técnico en confección ind.	1	0,01	1	0,36	1	0,08	37	1,48	40	0,19
Técnico téxtil xénero de punto	0	0,00	0	0,00	0	0,00	9	0,36	9	0,04
Téc. control calidade de confección	2	0,01	0	0,00	2	0,16	0	0,00	4	0,02
Patronista - Escalador/a	58	0,33	3	1,09	5	0,39	53	2,12	119	0,56
Cortador/a	60	0,35	1	0,36	50	3,88	25	1,00	136	0,64
Encargado de patronaxe e corte	5	0,03	0	0,00	2	0,16	4	0,16	11	0,05
Cosedor/a Ensamblador/a	15.223	87,88	271	98,19	1.045	81,07	2.273	90,74	18.812	87,94
Bordador/a	0	0,00	0	0,00	15	1,16	0	0,00	15	0,07
Pranchador/a	1.974	11,40	0	0,00	169	13,11	104	4,15	2.247	10,50
TOTAL	17.323	100%	276	100%	1.289	100%	2.505	100%	21.393	100%


■ Fonte: Elaboración propia a partir das oficinas de emprego

O cadro tenta manter a mesma estrutura que no caso da demanda, posibilitando así as comparacións.

Un primeiro trazo ineludible da estrutura da oferta laboral, ou o que é o mesmo, da demanda das empresas, é a supremacía do cosedor/a-ensamblador/a: segundo datos as oficinas de emprego para o ano 2002, a ocupación con maior demanda por parte das empresas é a de cosedor/a-ensamblador/a (representando un 88% do total da oferta de

traballo tramitada a través do devandito organismo). Neste sentido, aínda que en termos absolutos as diferenzas co lado da demanda son bastante apreciábeis, en peso son os cosedores/as-ensambladores/as a ocupación con máis demanda por parte das empresas.


OFERTAS OFICINAS DE EMPREGO 2002



Fonte: Elaboración propia

Pranchador/a é a segunda ocupación con maior demanda por parte das empresas, representando case o 11% do montante total. Desta maneira, a oferta laboral cuberta por estas dúas ocupacións mencionadas supón case o 99% do total. Quedan de forma residual o resto de ocupacións mencionadas.

OFERTA OFICINAS DE EMPREGO 2002



Fonte: Elaboración propia

Analizando a distribución da oferta de emprego ocupacional por provincias, detéctase a mesma tendencia e distribución que para o caso da Comunidade galega. Cosedor/a-ensamblador/a é a ocupación que cobre practicamente maioría da oferta laboral, con porcentaxes nas 4 provincias bastante similares (superando todas o 80%).


Na Coruña e Ourense é palpable a ocupación de pranchador/a como segunda opción, se ben a súa representatividade é claramente inferior.

O resto de ocupacións quedan nun segundo plano, conformando case a excepción no panorama ocupacional da oferta laboral do téxtil e confección. Delas destaca minimamente a presenza do cortador/a na estrutura ofertada en Ourense, aínda que a súa mención resulta en termos xerais lixeiramente forzada.

OCUPACIÓNS	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		GALICIA	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Coord. Téc. produción	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,85	1	0,10
Téc. control calidade de confección	1	0,15	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,10
Encargado de patronaxe e corte	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Encargado de confección	18	2,67	0	0,00	3	2,34	3	2,54	24	2,49
Deseñador/a	4	0,59	1	2,33	0	0,00	0	0,00	5	0,52
Patronista - Escalador/a	4	0,59	2	4,65	2	1,56	7	5,93	15	1,56
Programador/a	0	0,00	3	6,98	1	0,78	0	0,00	4	0,41
Tecedor/a	1	0,15	8	18,60	0	0,00	7	5,93	16	1,66
Cortador/a	18	2,67	8	18,60	4	3,13	14	11,86	44	4,56
Cosedor/a - Ensamblador/a	460	68,15	15	34,88	50	39,06	44	37,29	569	59,02
Bordador/a	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,85	1	0,10
Remallador/a	64	9,48	0	0,00	4	3,13	9	7,63	77	7,99
Revisor/a	10	1,48	0	0,00	17	13,28	0	0,00	27	2,80
Revisor/a-Reparador/a	2	0,30	0	0,00	1	0,78	0	0,00	3	0,31
Pranchador/a	76	11,26	1	2,33	34	26,56	17	14,41	128	13,28
Peón téxtil	6	0,89	0	0,00	7	5,47	2	1,69	15	1,56
Modista	11	1,63	5	11,63	5	3,91	13	11,02	34	3,53
TOTAL	675	100%	43	100%	128	100%	118	100%	964	100%

■ Fonte: Elaboración propia a partir do S.G.C.

Se analizamos a oferta laboral do sector tramitada a través do Servizo Galego de Colocación, os resultados son en principio algo diferentes, mais podemos atopar similitudes a grandes trazos bastante apreciables. As cifras globais son en xeral inferiores ás recollidas para o caso das oficinas de Emprego e o abano de ocupacións tratadas é lixeiramente superior. Agora ben, desagregando os datos en grandes tendencias quizais sexa apreciable unha maior similitude co caso anterior.




■ Fonte: *Elaboración propia*

O amplo elenco de ocupacións tratadas distorsiona quizais a comparativa con respecto ás oficinas de Emprego, mais é posible discernir certas apreciacións:

- O cosedor/a-ensamblador/a é novamente a ocupación con maior demanda por parte das empresas (supón case un 60% das ofertas tramitadas a través do SGC).
- O 40% restante inclúe un abanico importante de ocupacións, lideradas polo pranchador/a (que representa algo máis do 13% do total).
- Tomando datos do SGC, aparecen no esquema da oferta laboral ocupacións con nova presenza e demanda bastante interesante por parte das empresas. É o caso por exemplo do remallador/a, cortador/a ou modista.

OFERTA SGC. 2002




■ Fonte: Elaboración propia

A distribución por provincias continúa a manter a tendencia xeral, mais neste caso si é posible establecer certas diferenzas destacables que, sen negar a importancia de determinadas ocupacións, si ofrecen un reparto distinto e interesante.

- Na Coruña, logo de cosedor/a-ensamblador/a, destacan remallador/a e pranchador/a
- Lugo é un caso de excepción, pois en peso destaca a importancia dos patronistas e cortadores/as.
- En Ourense destaca, sempre despois de cosedor/a-ensamblador/a, pranchador/a e revisador/a, e o peón téxtil.
- Pontevedra é quizais a provincia onde a oferta de emprego no sector aparece máis repartida. Logo dos cosedores/as-ensambladores/as, destacan no espectro da oferta laboral, por orde de importancia, pranchadores/as, cortadores/as, modistas e remalladores/as.

Debido á amplitude do espectro de ocupacións analizadas, e co fin de sintetizar aquilo de maior relevancia para o estudo, a análise evolutiva da oferta de emprego no sector soamente recolle aquelas ocupacións de máis peso e representatividade. Observamos desta maneira:

EVOLUCIÓN OFERTAS SGC (1998-2002)

■ Fonte: Elaboración propia

En liña coa tendencia detectada no estudo económico do sector téxtil e de confección, observamos unha secuencia en forma de pico similar para todas as ocupacións. Quere isto dicir que o ano 2000 foi realmente un punto de inflexión na tendencia de crecemento do emprego, pois a partir de aí a caída na oferta laboral (cando menos nos 2 anos seguintes) foi máis ou menos constante.

Por orde de importancia, mantense a representatividade de cada unha das ocupacións ao longo do período analizado (en liñas xerais) destacando evidentemente o peso e a forte demanda de cosedores/as-ensambladores/as.

III. CONTRATOS


Só coa leve intención de traducir os datos ofrecidos polas oficinas de emprego, este subapartado pretende, seguindo a liña analítica dos anteriores, ver e analizar tanto a evolución como a estrutura ocupacional dos contratos realizados no sector téxtil e de confección.

OCUPACIÓNS	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		GALICIA	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Técnico en confección ind.	1	0,01	0	0,00	0	0,00	9	0,54	10	0,06
Técnico téxtil xénero de punto	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Téc. control calidade de confección	1	0,01	0	0,00	2	0,17	0	0,00	3	0,02
Patronista - Escalador/a	43	0,34	3	1,38	5	0,42	30	1,79	81	0,51
Cortador/a	35	0,27	1	0,46	47	3,96	5	0,30	88	0,55
Encargado de patronaxe e corte	4	0,03	0	0,00	2	0,17	0	0,00	6	0,04
Cosedor/a - Ensamblador/a	11.490	89,56	213	98,16	996	83,84	1.563	93,20	14.262	89,63
Bordador/a	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Pranchador/a	1.256	9,79	0	0,00	136	11,45	70	4,17	1.462	9,19
TOTAL	12.830	100%	217	100%	1.188	100%	1.677	100%	15.912	100%

■ Fonte: Elaboración propia

- A cifra de contratos realizados no sector téxtil e de confección para o ano 2002 é de 15.912.
- Deles, a inmensa maioría (case un 90%) corresponden a cosedores/as-ensambladores/as. En segundo termo, por orde de importancia, e cun peso próximo ao 10%, aparecen os contratos realizados a pranchadores/as.
- O resto de ocupacións apenas teñen peso na estrutura global, o cal non quita a importancia individual que para cada un poida supoñer.

CONTRATOS REALIZADOS 2002




■ Fonte: Elaboración propia

A similitude do gráfico da estrutura ocupacional dos contratos realizados no sector no ano 2002 coa estrutura da oferta do Servizo Público de Emprego de Galicia para o mesmo é bastante elevada. Pode significar isto que a estrutura contractual está totalmente condicionada pola oferta das empresas, mais é de interese reiterar a parcialidade que supón analizar os datos en valores absolutos. A representatividade vén dada soamente en peso específico, e nese terreo as comparacións son lexítimas. Noutro campo o risco de erro é superior.

Neste sentido, é de interese contrastar a cualificación do traballador/a demandante de emprego e os requisitos en canto a formación e cualificación impostos polas empresas. Aí quizais sexa posible perfilar, a nivel ocupacional, cales son os campos a cubrir para adaptar esa demanda á oferta establecida polas empresas.

Por provincias os resultados son igualmente bastante similares.




■ Fonte: *Elaboración propia*

Por provincias, apenas se pode discernir algo que non fose comentado en gráficos anteriores. A maior porcentaxe de contratos realizados corresponden en todas as provincias ao cosedor/a-ensamblador/a e en segundo lugar ao pranchador/a. Estas dúas ocupacións agrupan practicamente o total de contratos realizados por provincias (exceptuando o caso de Ourense, onde os contratos de cortadores/as teñen lixeiro peso).


Por último, e seguindo coa liña analítica trazada nos subapartados anteriores, desagregamos a evolución dos contratos de traballo realizados no sector téxtil e de confección no período 1998-2002, centrando a análise nas ocupacións de maior representatividade.

EVOLUCIÓN N° CONTRATOS



■ Fonte: *Elaboración propia*

EVOLUCIÓN N° CONTRATOS



■ Fonte: *Elaboración propia*

Analizando por separado as ocupacións máis relevantes, a evolución delas non segue nin a mesma tendencia para o mesmo período, modificando o traxecto marcado en gráficos anteriores. No caso de cosedor/a-ensamblador/a a liña marcada debuxa un pico no ano 2000 (un máximo de contratos realizados), ano a partir do cal comezan a decaer lixeiramente ata situarse na cifra de 14.262 contratos no ano 2002.

Porén, e curiosamente, os contratos realizados no mesmo período a pranchadores/as do sector seguen unha tendencia crecente e sustentable, acadando o máximo precisamente no ano 2002, con 1.462 contratos. De continuar a tendencia, é posible afirmar que pranchador/a é unha ocupación en auge dentro do sector, pois cando menos a liña debuxada desmárcase da tendencia xeral do sector, e da principal ocupación demandada e ofertada.